



Resumo

Equilíbrio de mercado


- No ponto de **equilíbrio** os **desexos dos vendedores** (a quantidade que querem e podem vender) e os **desexos dos compradores** (a quantidade que querem e podem comprar) **coincidem**: o mercado baléirase.



- Lei da oferta e da demanda: a **tendência do mercado ao equilíbrio**.
 - Excedente ou excesso de oferta.
 - Escasseza ou excesso de demanda.



Prezo moi alto



Prezo moi baixo

Función de Demanda


Prezo	Cantidad
0,00	19
0,50	16
1,00	13
1,50	10
2,00	7
2,50	4
3,00	1

Función de Oferta

Prezo	Cantidad
0,00	0
0,50	1
1,00	2
1,50	4
2,00	7
2,50	10
3,00	13

Ao prezo 2,00 €, a cantidade demandada é igual á cantidade ofertada!







- A elasticidade mide a sensibilidade ante un cambio.
- A elasticidade prezo da demanda mide a sensibilidade da demanda ante unha variación do prezo.

$$E_{pd} = \frac{\text{Variación porcentual } Q}{\text{Variación porcentual } P} = \frac{\frac{Q1 - Q0}{Q0}}{\frac{P1 - P0}{P0}}$$


- Utilidade da E_{pd} : Saber se o produtor aumenta o prezo de venda, ¿ingresa máis ou menos?




Lembrete: A E_{pd} É SEMPRE NEGATIVA, PERO O SIGNO NESTE CÁLCULO NON É IMPORTANTE. CALCULADE O VALOR ABSOLUTO PARA SABER SE É MAIOR OU MENOR QUE 1 E, POLO TANTO SE É ELÁSTICA OU INELÁSTICA.

Exemplo de elasticidade prezo-demanda

O prezo dun produto é de 10 €. A este prezo demándanse 24 unidades. Se se duplica, a demanda diminúe a 16 unidades.




$$\text{Variación \%} = \frac{20 - 10}{10} \times 100 = 100\%$$



$$\text{Variación \%} = \frac{16 - 24}{24} \times 100 = -33,33\%$$

$$E_p^d = \left| \frac{\text{Var. \% Q}}{\text{Var. \% P}} \right| = \frac{33,33}{100} = 0,33$$




A demanda representada neste gráfico resulta ser **MOI SENSIBLE** ás variacións nos prezos.

O prezo baixou un 25% e provocou un aumento da demanda do 130%.

Nestes casos dise que a demanda é elástica.

Para os ingresos da empresa, cando a demanda é elástica, compensalle **BAIXAR OS PREZOS**.

Demanda inelástica



Esta demanda resulta ser **MOI POUCO SENSIBLE** ás variacións nos prezos.

O prezo reduciuse á metade e isto provocou un aumento da demanda de só o 20%. Nestes casos dise que a demanda é inelástica.

Neste caso, cando a demanda é inelástica, á empresa compénsalle nos ingresos **SUBIR OS PREZOS**.